

A Consellería de Educación ignora un ano máis o Consello Galego de FP ao non negociar a oferta educativa de formación profesional

A Xunta anunciou que o ano que vén se incrementa a oferta educativa nun 1,4% pero é un dato enganoso porque se trata fundamentalmente das ensinanzas de FP básica, que apenas supoñen investimento orzamentario para a administración.

A Consellería de Educación chegou un ano máis á reunión do Consello Galego de FP coa proposta de oferta formativa pechada para o vindeiro curso. Limitouse a informar dos cambios existentes con respecto a este ano desprezando a función negociadora que debe ter este órgano. Os representantes da administración non teñen en conta nin a opinión do profesorado nin a da comunidade educativa ao respecto do mantemento ou da implantación de novos ciclos en Galiza. En moitas ocasións semella incluso que xogan cos centros de ensino a unha especie de “ensaio/erro”, quitando e trasladando ensinanzas dun centro a outro sen facer unha avaliación seria e ordenada da oferta e da demanda existente por familias profesionais e por comarcas.

Atopámonos, por exemplo, con familias profesionais que non están sendo potenciadas pola administración, e que mesmo están a sufrir o recorte de ciclos, cando, por outra banda, nos centros teñen dificultades para atender a demanda de emprego e de realización das prácticas, como é o caso da familia profesional de Edificación e Obra


Civil. Na oferta presentada onte no Consello a administración volve esquecer o rural, privando de ciclos formativos e asfixiando pouco a pouco as zonas do interior e menos poboadas. Esta estratexia afondará na despoboación xuvenil e no seu éxodo cara as cidades ao reducir as posibilidades da xente moza de formarse nas súas localidades de orixe.

Con respecto ao borrador presentado os responsábeis de FP da Xunta explicaron que malia que para o vindeiro curso aparecía a implantación dun novo Ciclo Superior de Acondicionamento Físico en cinco centros finalmente este non se vai poñer en marcha ao estar paralizado no Ministerio

por existir un conflito coa Universidade. Desde a CIG-Ensino agardamos que se solucione canto antes esta situación para coñecer se finalmente este título se pode ofertar mediante as ensinanzas de FP.

Anuncios fume

A Consellaría vendeu que o vindeiro ano se aumenta a oferta formativa nun 1,4%, pero podemos ver que o incremento se produce sobre todo na FP Básica, unha formación que está moi subvencionada polo Fondo Social Europeo, o que significa que o investimento que se realiza neste ámbito é moi escaso por parte da administración.



Ademais, con aumentar este tipo de oferta non se solucionan os distintos problemas que están a xurdir nos centros, sobre todo naqueles nos que se comparten estas ensinanzas e nos que existen dificultades de coordinación entre o profesorado, as titorías, os horarios e o seguimento e tutela do alumnado.

Aposta pola privatización coa FP Dual

En canto á FP Dual a Consellaría segue un camiño de continuidade e de ampliación en detrimento doutro tipo de formación. En concreto, atopamos casos de centros que solicitan ciclos formativos ou FP Básica, e non llos conceden porque xa teñen FP dual desa familia profesional nesa ou noutra localidade. É o caso, por exemplo, do Ciclo Superior

da familia de Madeira, Moble e cortiza que non se oferta en Lugo porque xa se vai impartir a través dunha empresa con FP Dual ou na familia profesional de Hostalaría e Turismo que tamén vai ter esta modalidade formativa con Paradores na zona da Coruña e, polo tanto, xa non se amplían ciclos noutras áreas do país. Neste sentido, temos que denunciar que a administración segue coa teima de implantar o segundo curso de FP Dual, a pesar de que o Ministerio aínda non aprobou o novo Real Decreto que garanta que esta nova modalidade vaia ser válida.

A FP con perspectiva de xénero

A CIG-Ensino solicitou na reunión que se aborde a oferta formativa e sobre todo a orientación previa que se realiza nos centros educativos cara a estas

ensinanzas desde unha perspectiva de xénero. Sería desexábel que a Consellaría abordara a realización dunha campaña informativa na que se poña de manifesto que as profesións non teñen xénero e que son necesarios profesionais de ambos dous xéneros en todos os ámbitos e familias profesionais.

A Consellaría debería abordar a FP desde unha perspectiva de xénero e fomentar tanto a través da orientación educativa como dunha campaña específica que as profesións non teñen xénero





Escrito presentado pola CIG-Ensino para constar na acta da reunión da Comisión Permanente do CGFP ao respecto do uso do galego nas probas libres

Este curso reproducíuse unha situación que xa vén sendo habitual e que se xeneraliza cada vez máis, e que xa levara á CIG-Ensino en ocasións anteriores a tratar o tema no Consello Galego de FP. Hai alumnado que solicita facer as probas, nomeadamente as libres, en lingua castelá, dando os centros curso a esta solicitude á inspección, e devolvéndoa esta ao profesorado sen posicionamento nin información das obrigas legais a este respecto, o que provoca dúbidas e indefensión do persoal docente.

Esa indefensión e falta de información leva o profesorado, en ocasións, a tomar como solución a entrega das probas en ambas linguas, o que implica unha sobrecarga de traballo e, naqueles casos en que por razón de tempo, extensión dos textos, etc. se fai nunha soa lingua, temos detectado que ás veces se opta polo castelán, o que implica unha clara discriminación cara ao noso idioma.

A normativa dos usos lingüísticos na FP, emanada do decreto 79/2010 para o plurilingüismo (artigo 9 e outros) indica que debe existir un equilibrio das dúas linguas na docencia, equilibrio que debe garantir que o alumnado acade competencias en ambos idiomas. Polo tanto, un título de FP obtido nun centro galego acredita que a persoa que o obtén ten competencias en galego.

Nesta situación, atender solicitudes de persoas que din non entender unha proba en galego e logo darlle unha titulación que presupón e acredita competencias en galego é non só contradictorio senón unha forma de fraude que a administración debería atallar.

Desde a CIG-Ensino solicitamos que desde este Consello Xeral de FP se traslade á Dirección Xeral de FP a exigencia do cumprimento da normativa lingüística, amparando o profesorado que elabore os exames en lingua galega e procedendo a informar correctamente e con carácter xeral das obrigas e deberes tanto do alumnado como do profesorado.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018.

CIG-Ensino

Escrito presentado pola CIG-Ensino para constar na acta da reunión da Comisión Permanente do CGFP sobre unha nova modalidade de FP Dual

Temos constancia que este curso se está a poñer en marcha unha nova organización da F.P. Dual para alumnado que estea cursando o segundo curso dun ciclo formativo de F.P. e teña superados todos os módulos de primeiro curso.

O período de estancia na empresa por parte do alumnado sería de 6 meses entre xaneiro e xuño divididos en dous tramos: entre xaneiro e marzo o alumnado permanece exclusivamente na empresa e entre abril e xuño compaxina empresa e centro educativo dependendo o tempo de estancia no centro da cantidade de currículo que non fora acadada na empresa.

Este último aspecto vai representar un traballo extra para o profesorado no último trimestre que terá que realizar actividades de recuperación para o alumnado que non superara os obxectivos na súa estadía na empresa, alumnado que pode vir de diferentes empresas e con diferentes cantidades de currículo acadado na empresa.

Somos coñecedores de que as empresas van ter problemas para atopar titores preparados para poder impartir a parte da formación que se ten que levar a cabo nas mesmas.

Desde a CIG-Ensino somos moi críticos dende o primeiro momento con este novo sistema de F.P. imposto dende a Unión Europea e pensado para países con realidades socioeconómicas que pouco teñen que ver coa nosa.

Nesta nova modalidade non se esixe un número mínimo de alumnos/as que a empresa ten que acoller, pode ser só un mentres o resto do alumnado permanece no centro. O alumnado é seleccionado pola empresa a través dunha entrevista persoal e non se recolle expresamente que este estudantado non pode substituír a traballadoras/es da empresa. A administración debe actuar, para garantir ao máximo este aspecto.

Desde a CIG-Ensino solicitamos que desde este Consello Xeral de FP se traslade á Dirección Xeral de FP o noso desacordo coa implantación desta modalidade de FP dual, até que non se modifique o Real Decreto que vai regular esta ensinanza por parte do Ministerio de Educación.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018.

CIG-Ensino

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal